

dade que se quere chantar e poidan formular por escrito as reclamacións ou observacións que vexan necesarias.

Apartado b), nº 3 do artigo 36 do Regulamento de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, de 27 de agosto de 1982.

Moaña, a 18 de decembro do 2001.—O Alcalde, Javier Barreiro Tenorio. 200

* * *

CAMBADOS

EDICTO

En cumprimento do disposto polo artigo 48.2 da Lei 1/97, do Solo de Galicia, faise público que o Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 28.12.2001, acordou aprobar definitivamente a Modificación Puntual nº 5 das NN.SS. deste Concello, no ámbito do antigo Campo de A Merced.= Así mesmo, faise público que a normativa do documento urbanístico aprobado vén establecida pola seguinte Proposta de Ordenación:

“... A regulación establecida nas vixentes NN.SS.MM dentro da das ordenacións irregulares para a UG-2, que se elimina, queda substituída pola ordenación pormenorizada resultante desta modificación puntual.= A ordenación pormenorizada deste ámbito ten como finalidade específica, a implantación dun volume residencial que remate a súa ordenación, en contacto co barrio de O Pomal, completando así a vinculación da zona Este desta peza urbana, a usos dotacionais máis intensivos, ós que se asigna unha edificabilidade máxima de 1.345 m².= De acordo con elo establécense as seguintes parámetros:= a) Cualificación do solo.- A resultante da aplicación a Solo Urbano Consolidado, da Ordenanza nº 3 de “bloques de casas” e da cualificación pormenorizada establecida no Plano nº 2 de Ordenación e Cualificación do Solo, manténdose inalterada a edificabilidade actual asignada á mesma (7.900m² x 1,55 m²/m²= 12.245 m²).= b) Uso global: Residencial.= c) Nivel de intensidade do uso:= * Edificabilidade máxima asignada ós usos dotacionais previstos: 1.345,00 m².= * Edificabilidade máxima asignada ó uso global residencial, de acordo coa Ordenanza nº 3: 10.900 m². (O que constitúe o resto da edificabilidade total actual de 12.245 m², asignada ó ámbito da UG-2, unha vez descontada dela a asignada ós usos dotacionais previstos (1.345 m²).= d) Stándares: Sistema xeral socio-cultural: Multiusos, M-5 (según Plano nº 2 de ordenación e cualificación do solo).= Zonas verdes e espazos libres: 3.550 m².= e) Nas restantes determinacións estarase ó disposto na Ordenanza nº 3 “bloques de casas” das vixentes NN.SS.MM.; permítiranse voadzios con fronte ás rúas e zonas verdes de uso público.= A

tipoloxía a utilizar, congruentemente coa autorización para o PERI da UG-1, será a de Baixo + tres plantas + baixo cuberta...”.

Cambados, 14 de xaneiro de 2002.—O Alcalde, José M. Cores Tourís. 337

* * *

SANXENXO

EDICTO

ASUNTO: Aprobación definitiva do Orzamento Xeral para a anualidade de 2002, e a plantilla de persoal.

No senso do acordo plenario de data 5 de decembro de 2001, sobre a aprobación do orzamento municipal para o ano 2002 en cumprimento do artigo 150.3 da Lei 39/1988 de 28 de decembro faise público que dito orzamento xeral queda integrado polos seguintes:

- Orzamento da entidade local.
- Orzamento do organismo autónomo de natureza administrativa “Terra de Sanxenxo”.
- O estado de previsión de gastos e ingresos da sociedade mercantil “Nauta Sanxenxo Sociedade Limitada”.

Engádesse a cada un dos orzamentos que integran o xeral:

- * Memoria explicativa da Alcaldía-Presidencia.
- * Informe da intervención.
- * Informe económico-financieiro.
- * Bases de execución do orzamento.
- * Anexo de investimentos.
- * Plan cuatrienal de investimentos e o correlativo plan de financiación.
- * Informe sobre operacións de crédito e estado da débeda e os seus movementos.
- * Liquidación do ano 2000.
- * Avance da liquidación de 2001.
- * Anexos estadísticos.

Ó orzamento xeral unense como anexos:

- * Os plans e programas de financiación e investimento que se formula para un prazo de catro anos.
- * O programa anual de actuación, investimentos e financiación da sociedade mercantil “Nauta Sanxenxo S.L.”.
- * O estado de consolidación do orzamento da Entidade Local, do Organismo Autónomo e da Sociedade Mercantil.